

# II RAID ODISEO - CONCELLO DE ORDES



Estamos que botamos fume. Atopámonos ultimando os detalles do que será o 2º RAID ODISEO CONCELLO DE ORDES.

A data da proba como ben sabedes é o 30 de Maio e este ano contaremos con novidades significativas con respecto ó ano pasado. Para os especialistas ou entusiastas do CAIAC, temos que darlles unha mala noticia, pois nesta 2ª edición non poderemos disfrutar de esta disciplina pero iso sí, a aventura, adrenalina e beleza do Raid están aseguradas e ademáis este ano a saída será NOCTURNA, (confirmaremos os horarios en próximos boletíns).

As seccións que conformarán o Raid (non necesariamente neste orden), serán as seguintes:

## **ORIENTACIÓN ESPECÍFICA 5 km.**

Material obligatorio: chaleco reflectante, frontal e o específico da sección.

## **BTT 47 km.**

A imposibilidade de contar con terreo de “montaña” nas inmediacións, obríganos a desprazarnos a concellos limítrofes co inevitable aumento de kms.

Material obligatorio: chaleco reflectante, frontal e o específico da sección.

## **TREKKING-NAVEGACIÓN (Élite mapa en “pasillo”) 9 km.**

Material obligatorio: polainas e o específico da sección.

## **SECCIÓN MULTIAVENTURA: TREKKING, NATACIÓN, ESCALADA, PONTE MONO E RÁPEL. 6 km + 500 m. de natación Élite e 280 m. Aventura.**

Material obligatorio: neopreno, arnés, 2 bagas cosidas, 3 mosquetóns de seguridade, oito, itc, reverso e shunt ou marchard.

## **BTT 18 km.**

Material obligatorio: o específico da sección.

## **ORIENTACIÓN URBANA-ESPECIFICA 5 km.**

Material obligatorio: o habitual en seccións de orientación.

O material obligatorio específico e complementario que poida necesitarse a maiores, especificarase en próximos comunicados.

Así que xa o sabedes, temos unha cita o próximo día 30 de Maio en Ordes, acordádevos de botarlle gasolina as brúxulas e non esquezades entrenar a natación xa que na sección MULTIAVENTURA, será unha disciplina de “peso”.

## **PARTICIPACIÓN**

Para participar será obligatorio ter 16 anos cumpridos ou máis, os menores de 18 anos con autorización familiar, e estar en posesión da licenza de Raid da FEDO ou da proba.

É necesario asistencia con vehículo.

## **FORMATO DE EQUIPO**

- **ÉLITE**, con formato 3+0, tres compoñentes sempre en competición e unha asistencia.
- **AVENTURA**, con formato 2+1, dous compoñentes en competición e un corredor alternando.

## **INSCRIPCIÓN**

A data límite de inscrición, improrrogable, será o **27 de Maio**. Os equipos terán que enviar o formulario de inscrición oficial e o xustificante de pago da cota ao enderezo [info@clubseo.es](mailto:info@clubseo.es) Debedes facer constar no correo se ides a durmir o venres 29 no polideportivo (gratis).

## Cotas de inscrición

A cota de inscrición por equipo será de **54€**, os membros do equipo que non teñan licenza de Raid, terán que aboar 7 € / participante, para obter a licenza de proba.

O pago da cota de inscrición do equipo e das licenzas de proba faranse co concepto de ingreso de "Inscrición Raid Odiseo – NOME CLUB" na seguinte conta:

**CAIXA NOVA - 2080 0170 17 0040006959**

## REGLAMENTOS

- A Copa Galega de Raid de Orientación estará suxeita ás normas da AgaCO <http://es.geocities.com/webagaco/> e da FEDO [www.fedo.org](http://www.fedo.org) , para os Raids.
- A modalidade de competición será **LINEAL SEN PARAR**. Os equipos clasificaranse atendendo en primeiro lugar ao número de Pcs e en segundo lugar ao tempo invertido, este será o total empregado para realizar o raid menos o tempo das bonificacións máis o das penalizacións.
- **Penalizacións:**
  1. Algunhas seccións terán un tempo máximo de realización, sobrepasalo implica non realizar a seguinte sección e penalizar a totalidade dos puntos da sección.
- **Bonificacións:**
  1. Os equipos que compitan con compoñentes femininos terán unha bonificación do 5% por cada compoñente, ata un máximo do 15% en formato Élite e un 10% en formato Aventura, do tempo real invertido polo equipo, antes das bonificacións.

Nas próximas datas completaremos a información cun segundo boletín.

